

Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GUARDA, A

Ordenanzas e Regamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO

O Pleno do Concello da Guarda acordou en sesión de 29 de xullo de 2022 aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, sendo sometida a exposición pública sen que se presentasen alegacións, polo que se entende definitivamente aprobada, publicándose o texto íntegro da ordenanza que se transcribe:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente ordenanza ven regular, dentro da esfera da competencia municipal e ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, de bases de réxime local e na Lei 33/2003, do 2 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, a instalación de terrazas de hostalaría no espazo de uso público do Concello da Guarda.

Trátase de buscar un marco normativo máis amplo, con maiores posibilidades de desenvolvemento da actividade hostaleira beneficiosa para o seu negocio e para o ocio e desfrute dos cidadáns, que permita responder dunha forma máis flexible aos posibles cambios que vaian acontecendo e baixo a consideración do espazo público como un espazo de convivencia, que é de todos, e en que o uso e desfrute colectivo estea asegurado.

As terrazas contribúen ao espaxamento e ás relacións sociais e favorecen a proxección da imaxe aberta, dinámica, vitalista e acolledora do noso concello. Non podemos ser alleos ás sinerxías que estas instalacións xeran en torno ao emprego, á economía e ao turismo. Pero, ao mesmo tempo, este aproveitamento debe realizarse dunha forma ordenada, polo que se fai necesario establecer a súa regulación e protexer non só os dereitos dos cidadáns senón tamén a paisaxe urbana en función das características propias do noso concello e de cada unha das súas zonas.

A nova norma formula un tratamento das terrazas cun punto de vista integral, que recolle non só o aspecto estético e a racionalización do espazo ocupado, senón tamén de maneira específica os aspectos relacionados coa accesibilidade. Os principios de accesibilidade universal deben aplicarse sistematicamente a todos os ámbitos do contorno exterior, en condicións de seguridade, comodidade, eficacia e autonomía e, conscientes dos avances que haberá que realizar, a normativa permitiranos unha mellora continua para facer máis accesible o espazo público.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Supéranse amplamente os simples criterios de regulación do uso do espazo público aproveitando a oportunidade que brinda a redacción do proxecto de execución do conxunto de terrazas do porto para mellorar a imaxe das restantes terrazas, adecuando a estética das instalacións e harmonizando o deseño e a calidade ao contorno da súa localización para dotar de atractivo singular o espazo urbano do municipio. Resulta evidente que os negocios de hostalaría deben responder a este cambio e ser os primeiros interesados en lograren a integración das instalacións na paisaxe urbana, o que redundará sen dúbida no desenvolvemento económico do sector.

Nesta nova norma tense en especial consideración as características propias da área portuaria por ser este o punto de maior congregación de terrazas e de usuarios..

A presente ordenanza estrutúrase en V títulos, con trinta e sete (37) artigos, dúas (2) disposicións transitorias, unha (1) disposición derogatoria e unha (1) disposición final.

O Título I contén as disposicións xerais relativas ao obxecto e ámbito de aplicación, os tipos de instalacións autorizables, os establecementos que poderían obter a autorización de terraza, así como o horario de funcionamento das instalacións.

O Título II, refírese ás condicións das instalacións, tratando de xeito separado ás permanentes non fixas respecto das non permanentes.

O Título III regula a autorización administrativa para a instalación de terrazas, a súa natureza, os requisitos subxectivos para a súa obtención, a transmisibilidade e vixencia, o procedemento administrativo establecido para o outorgamento, así como o réxime da súa extinción, modificación ou suspensión.

O título IV refírese concretamente aos deberes aos que debe someterse o titular da autorización administrativa, tanto no relativo á ocupación, mantemento como uso da zona afectada pola terraza.

Por último, o Título V establece o réxime de inspección e sancionador e o procedemento para o seu exercicio, conforme os principios e disposicións legais na materia, dirixido a depurar as responsabilidades en que os responsables das terrazas poden incurrir e a restituír a legalidade vulnerada coa infracción.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

1.1.- A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime técnico, estético e xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público e espazos privados de acceso libre e uso público, mediante a súa ocupación temporal con terrazas que constitúan complemento da actividade que se vén exercendo no interior dos ditos locais.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Aqueles terreos de dominio público sobre os que recaia competencia doutras administracións públicas, sobre os que se pretendan situar as instalacións anteriormente referidas, suxeitaranse ás determinacións da presente ordenanza, sen prexuízo das propias condicións que impoñan as ditas administracións no ámbito das súas respectivas competencias.

1.2.- Esta ordenanza non lles será de aplicación aos actos de ocupación que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión da realización de festas, actividades deportivas, culturais, gastronómicas e análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

Artigo 2. Definición e tipos de instalacións

2.1.- Defínese como terraza a instalación formada por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, mamparas, xardineiras, soportes para testos ou outros elementos de mobiliario auxiliares, e situada no espazo exterior de uso público colindante a un establecemento de hostalaría, como zona vinculada á actividade que se exerce no dito establecemento e sen barra de servizo distinta á situada no interior deste.

2.2.- Os aproveitamentos obxecto de regulación da presente ordenanza suxeitaranse a algún dos seguintes tipos.

- Instalacións non permanentes: entendendo por tal a terraza composta por elementos móbiles e desmontables e sen cuberta fixa ou estable.
- Instalacións permanentes non fixas: entendendo por tal a terraza comp-osta por elementos fixos e móbiles pero, en todo caso, facilmente desmontables, cerrada no seu perímetro, en todo ou en parte, e cuberta. En ningún caso se autorizarán instalacións permanentes non fixas fora da área de implantación do Porto, entendendo por tal, a efectos desta Ordenanza, o espazo que media entre o final da rúa Fernández Albor ata o Museo do Mar.

Artigo 3. Normativa aplicable

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, accesibilidade e supresión de barreiras, de protección do medio, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga referencia expresa a ela nesta ordenanza.

Artigo 4. Compatibilidade entre o uso público e a utilización privada dos espazos públicos ocupados por terrazas

A instalación de terrazas nos espazos de uso público é un uso común especial e a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización privada; deberán prevalecer nos casos de conflito o uso público do dito espazo e o interese xeral. Para tal efecto, teranse en conta os seguintes valores e criterios:



1. Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil; deberase garantir que as terrazas non mermen a accesibilidade de todos/as cidadáns/ás aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
2. Garantía da seguridade vial
3. Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica. Para tal efecto, o funcionamento das instalacións deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos recollidos na Ordenanza municipal medioambiental reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións ou normativa equivalente que a substitúa
4. Preservación do arboredo e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
5. Protección do uso e dos dereitos e intereses das persoas usuarias dos edificios lindeiros.
6. Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de urxencia.

Artigo 5.- Título habilitante

A instalación de terrazas require a obtención previa de autorización municipal nos termos recollidos nesta ordenanza. En todos os casos, só se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento de que dependan.

Artigo 6.- Horario de funcionamento

6.1.- O horario de funcionamento das terrazas será o seguinte:

a) O horario de inicio: con carácter xeral, será ás 8:00 horas.

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para realizar labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para os ditos labores, no seu caso. Esta circunstancia especificarase na autorización administrativa.

b) O horario de peche virá determinado polo horario do propio establecemento. No caso de se opte pola recollida da terraza, ésta farase antes da hora de peche

6.2.- Non obstante o preceptuado no apartado anterior, a autoridade municipal poderá reducir o horario xeral atendendo ás circunstancias de índole sociolóxica, ambiental ou urbanística que puideren concorrer en cada caso concreto ou cando se comprobase que a transmisión de ruídos que lles orixinen molestias aos veciños e, especialmente, cando o local se sitúe en ámbitos declarados como zonas acusticamente saturadas (ZAS).



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Neste caso, a limitación de horario deberase reflectir na autorización como unha condición esencial sen a cal esta non sería concedida e poderase establecer ou modificar con posterioridade mediante unha resolución motivada.

6.3.- Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante Resolución da Alcaldía, dentro das marxes que concede a lexislación vixente. Asimesmo, poderán realizarse, mediante bando, modificacións temporais do horario por datas concretas de interese do municipio, época de festas, etc.

TITULO II.- CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS

Artigo 7. Condicións xerais das instalacións.

1. Como regra xeral, a fin de garantir o xiro, cruce e cambio de dirección das persoas, independentemente das súas características ou modo de desprazamento, a instalacións de terrazas deberá separarse da liña de fachada ou referencia edificada a nivel solo, como mínimo, 1,80 m. Ademais, deberase garantir unha altura libre de paso non inferior a 2,20 m.

2. Excepcionalmente, poderá autorizarse a instalación de terrazas pegadas á liña de fachada ou referencia edificada a nivel de solo cando, a xuízo dos técnicos, existan razóns de seguridade, comodidade, autonomía ou continuidade que así o aconsellen, debendo garantirse en calquera caso que o itinerario peonil non resulte discriminatorio para as persoas dada a lonxitude ou configuración física da vía ou por transcorrer fora das áreas de maior afluencia de público ou de peóns. O Concello implementará as medidas que resulten precisas a fin de facilitar a orientación e o encamiñado, seguro e libre, de todas as persoas.

Nestes supostos excepcionais deberá garantirse un paso libre perpendicular á entrada dos inmobles de, como mínimo, 1,80m. Non obstante, poderase prescindir deste paso, ou autorizarse cunha anchura menor segundo proceda, si os propietarios e propietarias das vivendas ás que se da acceso, individualmente ou mediante acordo da comunidade respectiva, así o autorizan individual e expresamente, ou si os propietarios ou propietarias de tales vivendas son os mesmos titulares das instalacións. A fin de acreditar dita autorización, deberá achegarse, xunto coa solicitude inicial de licencia, o modelo normalizado que se inclúe como Anexo II.

3. Respectando as condicións establecidas nos apartados anteriores, a ocupación máxima da vía determinarase na resolución que se dite, en proporción ao ancho total da mesma, consonte ás seguintes regras:

- a) Non se autorizarán instalacións permanentes non fixas que excedan do ancho de fachada do local ao que serve, salvo que aquela se complemente cunha instalación non permanente.
- b) En caso de instalacións non permanentes, o desenvolvemento lonxitudinal da terraza virá determinada pola lonxitude da fachada de cada establecemento. Non obstante, no caso de que os laterais estivesen baleiros, a ocupación poderá estenderse nese sentido sen que en ningún caso exceda da metade da fachada lindeira.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

- i. Si concorreran dúas solicitudes coa mesma pretensión sobre un terreo baleiro, este repartirase ao 50%.
- ii. En superficies susceptibles de ser ocupadas e que non corresponden ao fronte de ningún establecemento, outorgarase a aquel que estea máis próximo. En ningún caso poderá ser concedida licencia para instalación de terrazas sobre espazos que non se localicen fronte ao establecemento se o titular xa dispón dunha autorización independente no fronte do seu establecemento.

No caso de que o espazo que se pretenda ocupar estea separado por un vial do local de orixe, permitirase a instalación da terraza nese espazo previo informe favorable da Xefatura da Policía Local, respectando en todo caso as limitacións, condicións e obrigas que se establezan no mesmo. Esta regra será de aplicación mesmo as instalacións permanentes non fixas.

- iii. Concorrendo dous ou máis interesados nas mesmas circunstancias, terá prioridade a primeira solicitude formulada no Concello.
- iv. Aos efectos deste apartado b), non se considerará espazo baleiro aquel que se localice fronte a un escaparate. En tal caso requirirase autorización do propietario ou arrendatario do local segundo o modelo que se xunta como Anexo II.

4. As instalacións deberanse integrar no espazo urbano de tal xeito que non impida nin dificulte a visibilidade nin o uso correcto dos elementos integrantes do mobiliario urbano nin, especialmente, da sinalización da vía pública. A tales efectos:

- a) Non poderá colocarse ningún elemento de mobiliario que dificulte o acceso a edificios, locais comerciais ou servizos, pasos de peóns, prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida, saídas de urxencia, vaos ou pasos de vehículos, paradas de transporte público. Tampouco poderán ocultar, total ou parcialmente, nin dificultar a visibilidade da sinalización de tráfico ou de tipo informativo.
- b) En ningún caso a instalación da terraza poderá realizarse sobre superficies axardinadas.
- c) En casos excepcionais, debidamente xustificadas e previo informe favorable da Xefatura de Policía Local, poderase autorizar terrazas que ocupen zonas da calzada ou estacionamento de vehículos.
- d) A instalación na vía pública de reclamos publicitarios tales como encerados, atrás, manequís, soportes para testos, anuncios dos produtos á venda e letreiros de prezos na superficie da vía pública queda limitada á superficie obxecto de ocupación pola terraza autorizada.

Non se permitirá a instalación de mostradores de atención ao público ou outros elementos para o servizo da terraza, que deberá ser atendida dende o propio establecemento. Con carácter excepcional, en terrazas con servizo de restaurante e/ou exentas, poderase permitir, en casos xustificadas, a colocación dunha mesa de apoio, que servirá unicamente de soporte aos elementos de enxoval e non se poderá empregar como barra de servizo nin destinarse a calquera uso que desvirtúe o seu carácter estritamente auxiliar.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Así mesmo, queda prohibida a instalación, no ámbito da terraza, de mostradores ou vitrinas expositoras, frigoríficos, cociñas, asadores, máquinas expendedoras de produtos, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de característica análoga.

Artigo 8. Condicións de implantación e estéticas das instalacións non permanentes

Ademais das condicións xerais sinaladas no artigo sete, as instalacións non permanentes con toldos e protectores deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Os toldos serán de cor beige (RAL 1001).
- b) Os parasois serán cadrados de cor beige (RAL 1001)
- c) Ningún dos elementos que formen parte da terraza poderá conter publicidade.
- d) No caso de que se opte por instalar protectores dianteiros terán unha aliñación e unha altura unificada, serán acristalados ata o chan, sen zócalo, e respectarán a mesma estrutura que as permanentes. A altura destes protectores queda fixada en 1,60 metros na área de implantación do porto, e en 1,00 m no resto do termo municipal.

Artigo 9. Condicións estéticas e de implantación das instalacións permanentes non fixas na área de implantación do Porto.

1. Ademais das condicións xerais sinaladas no artigo 7, as instalacións permanentes non fixas na área de implantación do Porto deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Terán unha aliñación unificada, que será indicada polos servizos técnicos municipais.
- b) Terán unha altura e unha inclinación de cuberta unificadas.
- c) Respetarán, en todo caso, os seguintes criterios estéticos:
 - i. Crearase unha solución única.
 - ii. O teito será traslúcido e continuo.
 - iii. Instalanranse elementos de protección solar polo interior.
 - iv. Os paramentos verticais serán acristalados sen zócalos.
 - v. A estrutura será de pvc ou aluminio lacado en cor marrón escuro.
 - vi. Contará un dintel superior de 40 cm do mesmo material e cor que a estrutura.

2. Sen carácter vinculante, ponse a disposición dos interesados o proxecto Básico e de Execución do Conxunto de Terrazas do Porto, elaborado por Dna. Ana Isabel Limpa Pacheco, aprobado por Decreto da Alcaldía de 20 de xullo de 2022.



Artigo 10. Condicións especiais impostas nas autorizacións outorgadas polo titular do dominio público e polos organismos autonómicos e/ou estatais con competencias sectoriais.

As condicións estéticas e de implantación sinaladas nos artigos 8 e 9, enténdense sen prexuízo das que poidan estar contidas nas autorizacións outorgadas polo titular do dominio público sobre o que se proxecte a terraza, caso de non corresponder á Administración Local, e mesmo das que se impoñan nas autorizacións outorgadas polos organismos autonómicos e/ou estatais con competencias sectoriais. Tales condicións enténdense preferentes e prevalecerán, en caso de conflito, sobre as que se expresan nos artigos anteriores.

*TÍTULO III.- XESTIÓN DAS OCUPACIÓNS***Artigo 11. Título habilitante.**

1. A instalación de terrazas na vía pública, así como as modificacións substanciais das propias terrazas xa instaladas, quedarán sometidas ao réxime xurídico de licenzia municipal.

Terán, en todo caso, a consideración de modificación substancial a realización de calquera cambio nas terrazas existentes, e previamente autorizadas, que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade da terraza xa instalada, si así é declarado no informe técnico correspondente.

O simple cambio de mobiliario en función da estación ou época do ano non terá a consideración de modificación sustancial sempre e cando non afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade da terraza xa instalada. Poderá ser executada polo titular da instalación, sen necesidade de solicitude expresa, sempre que estivese contemplada na documentación integrante da solicitude inicial formulada polo interesado e non se modifiquen as características nin a ocupación da instalación existente.

2. A licenzia de instalación de terraza á que fai referencia este artigo é independente autorización de ocupación do dominio público, e non prexulga a súa existencia. No caso de que a terraza se localice en dominio público municipal, a licenzia solicitarase conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público.

- a) Non obstante, as solicitudes de autorización para ocupación de dominio público municipal e instalación de terrazas serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa. A proposta de resolución da solicitude de ocupación do dominio público terá prioridade sobre a correspondente licenzia de instalación de terrazas, de xeito que, denegada a ocupación do dominio público, entenderase denegada tamén a licenzia de instalación e non será preciso resolver sobre a mesma.
- b) A autorización para a ocupación do dominio público outorgarase a título de precario, sendo libremente revogable polo seu titular sen dereito a indemnización algunha.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

- c) A licencia para a instalación de terrazas outorgarase a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Artigo 12. Ámbito Temporal.

1. A licencia de instalación dunha terraza na vía pública, calquera que sexa a súa natureza, terá vixencia anual si se solicita e se outorga para todo o ano natural (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), ou de temporada si se solicita e se outorga para o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro de cada ano en curso.

O interesado deberá expresar na súa solicitude de licencia o período de vixencia e o tipo de instalación que pretende. En caso de que non se faga constar expresamente o período de vixencia ou o tipo de instalación, entenderase que solicita licencia para instalación de terraza non permanente con vixencia anual.

2. Finalizada a vixencia da licencia, e sen prexuízo da súa posible renovación, deberán ser retirados de xeito inmediato os elementos afectos á mesma, deixando o dominio público libre e expedito de todo xénero de ocupación.

Non obstante, previa solicitude formulada polo interesado, poderase autorizar a ampliación do prazo para a retirada de instalacións permanentes non fixas por tempo que en ningún caso excederá de dous días naturais.

Artigo 13. Procedemento e silencio administrativo.

O Procedemento de concesión de licencia para a instalación dunha terraza non poderá exceder do prazo de un mes a contar dende a data de presentación da solicitude e da documentación anexa, íntegra e completa, no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido dito prazo sen que o Concello notifique a resolución á persoa interesada, esta poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude en relación coa licencia de instalación de terrazas.

Non obstante, si a instalación da terraza precisase da autorización previa de ocupación do dominio público local, o prazo para a tramitación do procedemento será o determinado pola normativa específica que resulte de aplicación. O silencio administrativo ante a petición de ocupación do dominio público terá carácter desestimatorio.

Artigo 14. Solicitudes.

1. Con anterioridade á instalación de terrazas, a persoa titular do establecemento deberá presentar unha solicitude de licencia dirixida ao Concello que deberá expresar os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular do establecemento e, no seu caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e dirección a efectos de notificacións, a localización do establecemento aberto ao público no que vaia a instalarse a terraza, o nome comercial do mesmo e o tipo de instalación que se pretende xunto coa vixencia, nos termos expresados no artigo 12.



2. Dita solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade, cando se trate de persoas físicas, ou do Código de Identificación Fiscal si se trata de persoas xurídicas. Si a solicitude é formulada por unha persoa xurídica, deberá ir acompañada, ademais, da escritura de constitución da entidade e do documento do que resulte a designación do administrador ou administradores da mesma.
- b) Poder de representación, en caso de ser sido outorgado.
- c) Copia do título administrativo (licencia, comunicación previa ou declaración responsable) que habilite para o desenvolvemento da actividade no local principal ou xustificante, en caso de que se encontre en tramitación, de ter sido presentada.
- d) Proxecto de instalación, no caso das instalacións permanentes non fixas, redactado por técnico competente. En dito proxecto, ademais do contido propio que resulte esixible de acordo coa normativa vixente, deberá xustificarse de xeito expreso o cumprimento das condicións xerais e particulares contidas nos artigos 7 a 10 desta Ordenanza.
- e) No caso de instalacións non permanentes, memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do lugar onde se pretenda instalar a terraza, acompañado de plano de situación ou emprazamento segundo a cartografía municipal e de plano de distribución en planta da terraza. Incluirase necesariamente a relación, o máis detallada posible, de todos os elementos de mobiliario e auxiliares que se pretendan instalar, con indicación da superficie que se pretenda ocupar expresada en metros cadrados. Igualmente, deberase xustificar o cumprimento das condicións xerais e particulares contidas nos artigos 7 a 10 desta Ordenanza.
- f) Documentación fotográfica da fachada do establecemento e do espazo exterior sobre o que se proxecte a terraza.
- g) Copia das autorizacións, concesións ou informes sectoriais que sexan legalmente esixibles.
- h) Declaración expresa da persoa titular do establecemento onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa vixente de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento ao que sirva a terraza. Dito compromiso deberá cubrir a responsabilidade derivada da explotación do propio local como da terraza que se pretende instalar.

De ser outorgada a licencia, e con carácter previo á explotación da terraza instalada, deberá achegarse a póliza do seguro de responsabilidade civil e os recibos xustificativos de pago da prima do período correspondente.

- i) No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal regulado na presente lei.
- j) Xustificantes de pago das taxas e tributos municipais que determinen as correspondentes Ordenanzas Fiscais vixentes en cada momento.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

3. As solicitudes de licencia de instalación de terrazas deberán presentarse dentro do período comprendido entre o 1 de outubro e o 15 de decembro de cada ano en curso. As solicitudes que se formulen fora destes prazos non serán admitidas a trámite, salvo nos seguintes casos.

- a) Cando o título habilitante para o desenvolvemento da actividade do local principal sexa outorgado con posteiroridade aos prazos expresados.
- b) Cando, con posteiroridade aos prazos expresados, se produza o cambio de titularidade na explotación do establecemento principal.
- c) Cando se pretenda a regularización dunha ocupación de feito.
- d) Cando a instalación da terraza sexa posible como consecuencia dunha modificación do espazo público sobre o que se proxecta.
- e) Cando se trate de adecuar o mobiliario e elementos auxiliares da terraza ás condicións establecidas nos artigos 7 a 10 desta Ordenanza.

Nestes supostos, a ocupación máxima autorizada limitarase á lonxitude da fachada do establecemento, non sendo de aplicación a excepción prevista no artigo 7.3 b) desta Ordenanza en canto á ocupación de espazos baleiros.

Artigo 15. Tramitación.

1. A tramitación do procedemento de concesión de licencia para a instalación dunha terraza axustarase ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia, así como á normativa vixente en materia de Réxime Local.

2. Si a solicitude non fose acompañada de toda a documentación á que se refire o artigo 14.2 desta Ordenanza, requirirase ao interesado a fin de que a complete baixo apercibimento de que, de non aportarse no prazo máximo de quince días contados dende o seguinte ao da notificación do requirimento, terase por desistido da súa solicitude e procederase á terminación e arquivo do expediente.

3. Recibida a solicitude de licencia xunto coa documentación esixible, emitirase informe polo Servizo de Xestión Tributaria sobre a existencia de débedas derivadas do impago de taxas ou tributos municipais. A existencia de débedas será causa suficiente para denegar a solicitude de instalación de terrazas.

4. Emitido o informe ao que se refire o párrafo anterior, serán emitidos os informes técnicos e xurídicos que resulten preceptivos, así como calquera outro que se considere procedente para ditar a resolución que poña fin ao expediente administrativo.

Especificamente, o informe técnico deberá pronunciarse de xeito expreso sobre o cumprimento das condicións sinaladas nos artigos 7 a 10 desta Ordenanza.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Artigo 16. Resolución

1. O órgano competente para ditar a resolución relativa á concesión de licencia para a instalación de terrazas, calquera que sexa a súa natureza, é a Alcaldía ou órgano en quen delegue.

2. Ademais dos supostos contemplados nos restantes artigos desta Ordenanza, a Alcaldía, mediante resolución motivada, poderá denegar a solicitude de licencia en calquera dos seguintes supostos.

- a) Que supoña un prexuízo para a seguridade vial.
- b) Que por particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente do punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.
- c) Que poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- d) Que dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de urxencia, tales como bombeiros, ambulancias etc.
- e) Que supoñan deterioro do medio urbano ou resulten inadecuadas ou discordantes co seu contorno.
- f) Que impida ou dificulte gravemente o uso de servizos, equipamentos e/ou mobiliarios urbanos.

3. A resolución que conceda a licencia para a instalación de terraza deberá expresar, como mínimo, os seguintes aspectos.

- a) O nome ou razón social do titular da licencia, con indicación do seu número de identificación fiscal (NIF ou CIF).
- b) O nome comercial e localiación do establecemento ao que se vincula.
- c) Tipo de instalación autorizada e período de vixencia.
- d) Superficie de ocupación autorizada.
- e) Descrición dos elementos integrantes da terraza que se autoriza, con indicación sucinta das súas características e do número de mesas, cadeiras e demais mobiliario auxiliar afecto á terraza.
- f) Horario de funcionamento da terraza de ser diferente ao establecido con carácter xeral.

A resolución que se dite deberase acompañar do plano que serviu de base para o seu outorgamento, debidamente dilixenciado e selado. O interesado deberá gardar unha copia desta documentación a disposición da autoridade pública.

4. Non poderá comezar a instalación da terraza nin finalizar a súa execución ata tanto non sexa concedida a licencia preceptiva.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

5. As licencias para a instalación de terrazas soamente serán transmisibles conxuntamente coa titularidade do local principal ao que estean afectas, non sendo admisible, en consecuencia, o arrendamento ou cesión independente para a súa explotación. O cambio de titular do local principal deberá ser comunicado ao Concello nos termos previstos na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.

Artigo 17. Renovación das licencias.

1. As autorizacións serán renovables anualmente, por petición da persoa interesada segundo o modelo que figura como Anexo III desta Ordenanza, e logo de comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos na mesma e o pagamento das taxas e tributos que determinen as Ordenanzas fiscais vixentes en cada momento.

2. Conxuntamente coa solicitude de renovación da licencia, deberanse achegar:

- a) Declaración xurada de que non se modificaron as circunstancias que motivaron o outorgamento da autorización anterior, con indicación da referencia do expediente (anexo IV).
- b) Póliza do Seguro de responsabilidade civil e xustificante de pagamento das primas correspondentes ao período polo que se solicita a renovación.
- c) Informe do Servizo de Xestión Tributaria sobre a existencia de débedas derivadas do impago de taxas ou tributos municipais. A existencia de débedas será causa suficiente para denegar a solicitude de renovación da licencia.

Artigo 18. Suspensión, modificación e revogación da autorización.

1. O incumprimento grave, por parte do titular, dos límites e condicións da licencia poderá dar lugar, con independencia das sancións que puideran proceder, á súa revogación. Consideraranse incumprimentos graves os tipificados como infracción grave e moi grave nesta ordenanza.

2. En todo momento, as licencias poderán ser revogadas motivadamente por razóns de interese xeral, sen dereito a indemnización. En especial, procederá a revogación cando resultaren incompatibles coas normas ou criterios aprobados con posterioridade, cando produzan danos ao espazo público; impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, menoscaben ou dificulten o uso xeral, sexan alterados os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreveñan circunstancias que, de existiren naquel tempo, xustificarian a denegación.

3. Polas mesmas razóns e nas mesmas condicións do apartado anterior, a Administración poderá modificar as licencias en canto a localización, extensión, horario ou calquera outro aspecto.

4. A licencia poderá quedar suspendida temporalmente; caso en que se ordenará a retirada das instalacións por conta do titular, cando circunstancias de tráfico; situación de urxencia; realización de eventos públicos promovidos ou autorizados polo concello, así como pola realización de obras de curta duración; esixencias dos servizos públicos ou circunstancia de



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

interese xeral así o aconsellen, e iso sen dereito a ningunha indemnización. A suspensión terá a duración imprescindible e a autorización administrativa recobrará a súa eficacia en canto desaparezan as circunstancias que a xustificaron; en todo caso, sen necesidade de resolución administrativa. Nestes casos, non haberá dereito á devolución de taxas.

5. Así mesmo, con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados autorizados, o concello poderá revogar, modificar ou suspender temporalmente a licenza concedida, mediante unha resolución motivada. Nestes casos, non se xerarán ningún tipo de dereitos dos establecementos afectados a ningunha compensación, a excepción do reintegro, no seu caso, da parte proporcional do importe aboado en concepto de taxa municipal polo aproveitamento especial correspondido ao período non utilizado.

6. A extinción ou suspensión da licenza de apertura ou peche por calquera causa legal do local ou establecemento desde o que se deba atender a terraza determinarán igualmente a extinción automática ou a suspensión da autorización administrativa de terraza sen necesidade de resolución administrativa.

Artigo 19.- Medidas correctoras e revogación por molestias por ruído

No caso de que se presenten reiteradas queixas ou reclamacións por molestias habituais debidas ao ruído procedente da terraza dun establecemento que impliquen perturbación grave do descanso nocturno e afecten á tranquilidade e ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas e sexan debidamente acreditadas e constatadas, o Concello poderá, logo da audiencia ao titular da instalación, limitar o horario de funcionamento, así como o número de mesas autorizadas e incluso poderá revogarse a autorización concedida.

No suposto de que, no transcurso dun ano desde que a redución de horario se fixer efectiva, non se producisen máis queixas ou reclamacións por ruído, a persoa titular da autorización poderá solicitar que o horario autorizado para a instalación sexa o que dispón o artigo 6 desta ordenanza.

TÍTULO IV.- DEREITOS E DEBERES

Artigo 20.- Dereitos do titular da instalación

O titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos da respectiva licenza con suxeición ás prescricións establecidas na presente ordenanza e demais preceptos legais aplicables.

Artigo 21.- Deberes do titular da instalación.

Será obriga do titular da instalación:

1.- Respetar autorizados, así como cumprir as demais condicións impostas na autorización concedida.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

2. Manter, tanto o chan cuxa ocupación se autoriza como a terraza e cada un dos elementos que a compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para tales efectos, deberase dispor dos elementos correspondentes de recollida e almacenamento de residuos para manter en condicións de limpeza o espazo de uso público.

Ao remate de cada xornada, deberanse realizar as tarefas de limpeza necesarias no chan ocupado.

A limpeza que deban efectuar os servizos municipais, en substitución do titular da autorización, liquidarase polo procedemento recollido para as execucións subsidiarias.

3. Velar para que os usuarios non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que lles xeren molestias aos veciños ou aos demais usuarios do espazo público.

4. Adoptar as previsións necesarias para que os usuarios da terraza non sobrepasen os límites do espazo autorizado.

5.- Non se permitirá utilizar a vía pública como almacén ou lugar de depósito e amontoamento de mobiliario ou calquera outro elemento, aínda cando se efectúe na porción de espazo público autorizado, xa se produza dentro ou fóra do horario concedido.

6.- Deberá prestarse especial dilixencia de coidado durante as tarefas de montaxe, retirada e manexo dos elementos da terraza; non se permitirá arrastralos e minimizarase o ruído que puiden producirse.

7.- Non poderán afectarse bens, obras ou servizos, polo que, se resultar afectado o pavimento ou calquera outro elemento do espazo público con motivo do funcionamento da instalación, será responsable dos danos ocasionados e deberá responder da reposición dos bens ou servizos afectados.

8.- Responder polos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada da terraza e durante o período en que se encontre instalada.

9.- O titular da instalación deberá ter en todo momento a disposición dos servizos técnicos e da Policía Local o título habilitante para o exercicio da actividade, a resolución de autorización para a terraza e renovación, no seu caso, xunto co plano detalle en que conste a superficie de ocupación autorizada, así como os xustificantes da existencia de póliza en vigor do seguro de responsabilidade civil e de aboamento das taxas municipais.

10.- As instalacións autorizadas deberanse retirar de forma inmediata cando iso sexa necesario para o acceso de vehículos autorizados ou de urxencias, recollida de residuos, rega ou limpeza de rúas e para a prestación de calquera outro servizo público ou de interese xeral que o requira.

11.- Unha vez finalizada a vixencia da autorización, o titular desta deberá retirar da vía pública todos os elementos da terraza, mobiliario e instalacións autorizadas; deberá quedar completamente expedida para o tránsito peonil a porción de espazo público. No suposto de incumprimento desta obriga, cumpriráa o concello, mediante a súa execución subsidiaria por conta do obrigado.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Artigo 22.- Taxas

Os aproveitamentos obxecto da presente normativa estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes exaccións fiscais, de acordo coas ordenanzas que as regulan.

*TITULO V.- RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR***Artigo 23.- Inspección e réxime de actuacións**

1.- A inspección e control para verificar o cumprimento da presente ordenanza correspóndelles aos funcionarios técnicos do servizo municipal de Urbanismo e á Policía Local.

2.- Cando se detecte a existencia de instalacións que non contén coa preceptiva autorización administrativa ou incumpran o disposto nesta, procederá iniciar un procedemento sancionador, en cuxa resolución se lle esixirá a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada, imporáselle ao infractor a sanción que proceda e a indemnización, se procede, polos danos e prexuízos causados.

3.- Cando, contando a instalación coa preceptiva autorización administrativa, se detecte un incumprimento das súas condicións ou das reguladas na presente ordenanza, de carácter leve e que non comporte un prexuízo grave aos intereses xerais, realizarase a advertencia ou requirimento de corrección por escrito. O incumprimento do requirido no prazo outorgado para o efecto, ou a reincidencia no incumprimento detectado, suporá directamente a apertura do expediente sancionador polos ditos actos.

Artigo 24.- Réxime sancionador

O incumprimento das disposicións da presente ordenanza poderá dar lugar á comisión dalgunha ou varias das infraccións que se recollen nestas, en cuxo caso se tramitará un expediente sancionador para depurar a responsabilidade administrativa en que poida terse incorrido.

Artigo 25.- Suxeitos responsables

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

Artigo 26.- Procedemento sancionador

1.- A imposición das sancións establecidas na presente ordenanza requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, o cal se substanciará conforme o disposto na lexislación xeral sobre o procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento.

2.- Durante a tramitación dos expedientes sancionadores, poderán adoptarse medidas cautelares, co contido e efectos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses.



Artigo 27.- Órgano competente

A incoación e resolución dos procedementos sancionadorres corresponderalle á Alcaldía.

Artigo 28.- Medidas cautelares

Cando a instalación impida ou dificulte notablemente o uso común xeral, perturbe ou supoña perigo de perturbación da seguridade e tranquilidade pública ou supoña calquera outro grave prexuízo aos intereses xerais, unha vez iniciado o procedemento sancionador correspondente, poderá acordarse a adopción de medidas cautelares tales como, entre outras, a retirada das instalacións ilegais, a suspensión da autorización administrativa para a colocación da terraza.

O concello poderá adoptar as medidas cautelares que foren necesarias para garantir o cumprimento da presente ordenanza e as esixencias dos intereses xerais, entre outros, nos seguintes supostos:

- Instalación de terraza sen autorización municipal.
- Ocupación de maior superficie da autorizada, coa finalidade de recuperar a dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado para o desfrute das persoas usuarias.
- Cando, unha vez requirida a persoa titular ou representante para a recollida ou retirada da terraza se incumpra o ordenado pola autoridade municipal ou os seus axentes.

Artigo 29.- Cumprimento das medidas cautelares e das resolucións ditadas

1.- As medidas cautelares adoptadas e as ordes de reestablecemento da legalidade ditadas nos expedientes sancionadores tramitados serán inmediatamente executivas, conforme o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e deberán cumprirse nos prazos establecidos ou, no seu defecto, no prazo de dez días.

2.- O incumprimento polo interesado das ordes contidas nas medidas cautelares adoptadas ou nas resolucións ditadas para tal efecto, implicará a utilización administrativa dos medios de execución forzosa establecidos nos artigos 99 e seguintes da Lei 39/2015, sen prexuízo do exercicio das accións de recuperación de oficio e demais prerrogativas municipais que, respecto do dominio público, posúe a Administración.

Artigo 30.- Almacenaxe de elementos retirados

Os elementos retirados subsidiariamente polo Concello serán trasladados aos almacéns habilitados para tal efecto, nos que permanecerán, por espazo dun mes, a disposición dos seus titulares, que, con carácter previo á súa recollida, deberán efectuar o importe do custo da execución subsidiaria e a posible sanción.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Se os seus titulares non a recollen no prazo disposto, terán a consideración de residuos urbanos e quedarán a disposición do Concello.

Artigo 31.- Infraccións

Constitúen infraccións as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza, así como as condicións concretas a que se suxeiten as correspondentes autorizacións.

Para os efectos do establecido no apartado anterior, terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación separada no tempo ou no espazo que resulte contraria ao disposto nesta ordenanza.

Artigo 32.- Clasificación das infraccións

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

32.1.- SON INFRACCIÓNS LEVES:

- a) O incumprimento da obriga de manter o espazo de uso público onde se empracen a terraza autorizada e cada un dos elementos que a compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato, tanto durante o seu funcionamento como ao termo deste.
- b) O deterioro leve dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento da terraza.
- c) A ocupación de maior superficie da autorizada cando este exceso non supere o 20%.
- d) A colocación ou emprazamento da terraza en disposición diferente da autorizada.
- e) A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non recollidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, sempre que non se supere a superficie de ocupación autorizada.
- f) O incumprimento de horario de inicio ou de peche en menos dunha hora.
- g) A produción de ruídos durante os labores de montaxe e desmontaxe da terraza.
- h) Calquera outra acción ou omisión contraria ás disposicións desta ordenanza non expresamente tipificadas como grave ou moi grave.

32.2. SON INFRACCIÓNS GRAVES:

- a) A instalación dunha terraza carecendo da autorización municipal preceptiva cando sexa posible a súa legalización.
- b) A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non establecidos na autorización e/ou en número maior dos autorizados, se superan a superficie autorizada.
- c) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 20% e en menos do 50%.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

- d) O incumprimento de horario de inicio ou de peche en máis dunha hora.
- e) O deterioro grave dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazos de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento da terraza.
- f) A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes, derivadas do funcionamento da instalación, por incumprimento das condicións establecidas.
- g) A instalación de suxeicións ou ancoraxes non autorizadas.
- h) A non exhibición da documentación a que se refire o art. 26.10 aos axentes da autoridade ou servizos técnicos competentes que o requiran.
- i) A negativa ou obstaculización ao labor inspector ou desobediencia aos lexítimos requirimentos da Policía Local.

33.3.-SON INFRACCIÓNS MOI GRAVES:

- a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva autorización municipal, cando esta non resulte legalizable.
- b) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 50%.
- c) O incumprimento de horario de inicio ou de peche en máis dunha hora, cando isto derive nunha perturbación da convivencia que lle afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.
- d) A produción de molestias acreditadas e graves aos veciños/as ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas.
- e) A desobediencia reiterada aos lexítimos requirimentos da Policía Local.
- f) A carencia de seguro de responsabilidade civil a que se refire o art. 16.2 c)
- g) O incumprimento das condicións técnicas de instalación ou outras condicións específicas que se recollen no documento da autorización.
- h) O incumprimento da orde de suspensión ou retirada inmediata da instalación, cando diso derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata ou directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou o funcionamento de servizos públicos ou de interese xeral ou supoña un deterioro grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público.
- i) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentada para a obtención da autorización correspondente.
- j) Non desmontar as instalacións, unha vez finalizado o período de vixencia da autorización ou cando for requirido pola autoridade municipal.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Artigo 34.- Sancións

1.- As citadas infraccións serán sancionadas da seguinte forma:

- a) as infraccións leves con multa de 200 ata 500 euros
- b) as infraccións graves con multa de 501 ata 900 euros
- c) as infraccións moi graves con multa de 901 ata 1.500 euros.

2.- A comisión de infraccións graves e moi graves poderá levar aparellada como accesoria a imposición da sanción de revogación da autorización municipal e a comisión de infraccións moi graves tamén a de inhabilitación para a obtención de futuras autorizacións reguladas por esta ordenanza, durante o prazo máximo dun ano.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase en atención á transcendencia social do feito e demais circunstancias que concorran, especialmente cando se produza unha perturbación da importante da convivencia normal que afecte de modo grave, inmediato e directo á tranquilidade, ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao desenvolvemento normal de actividades de toda clase conforme a normativa que resulte de aplicación.

3.- A sanción é independente e compatible coa legalización da instalación, se proceder, así como coa liquidación da taxa pola ocupación non autorizada e recargos que procedan, no seu caso.

Artigo 35.- Circunstancias modificativas da responsabilidade

Para a modulación das sancións, teranse en conta a existencia de intencionalidade ou reiteración na conduta infractora, a natureza dos prexuízos causados, a reincidencia na comisión da infracción e o beneficio obtido nesta. Considérase que existe reincidencia do infractor cando este cometa unha nova infracción da mesma natureza, sen que transcorresen dous anos desde a comisión da anterior declarada mediante unha resolución firme. Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade, a adopción espontánea, por parte do autor da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

Artigo 36.- Prescrición

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano; as sancións por infraccións graves aos dous anos; e as sancións por infraccións moi graves prescriben aos tres anos.

O cómputo do prazo de prescrición e a súa interrupción realizarase conforme o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

Artigo 37.- Reposición da legalidade. Compatibilidade

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como a indemnización polos danos e perdas causados.

Sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora e doutras potestades recoñecidas polo ordenamento xurídico, o incumprimento dos preceptos desta ordenanza poderá dar lugar á adopción das medidas que resulten procedentes co fin de reestablecer a legalidade infrinxida.

Nos supostos en que o concello comprobe a instalación de terrazas sen contar coa autorización preceptiva para iso ou acorde a revogación ou suspensión da autorización por calquera das causas establecidas nesta ordenanza, requirirase o titular para que retire da vía pública os elementos da terraza no prazo de dez días hábiles, con apercibimento de que, en caso de non cumprir o ordenado, se procederá á execución forzosa, mediante execución subsidiaria por conta do obrigado.

Disposicións transitorias

Primeira.- As terrazas que se encontren instaladas e autorizadas no momento da entrada en vigor da presente ordenanza seguirán rexéndose pola ordenanza anterior e poderán manterse nas condicións en que foron autorizadas durante un prazo de 5 anos, sendo este o prazo que se lles concede para adaptar a súas instalacións ás normas contidas nesta Ordenanza.

Segunda.- As autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes nas condicións establecidas nesta ordenanza poderán solicitarse en calquera momento para este ano 2019; entenderase que a autorización se outorgará para o tempo que reste desde a concesión ata a fin do período solicitado.

Disposición derogatoria

Primeira.- Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora da ocupación temporal de terrazas do Concello da Guarda, aprobada definitivamente mediante unha publicación no BOP o 10/10/2013

Disposición final

Primeira.- A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65 da Lei 7/85, de 2 de abril.



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

ANEXO I

SOLICITUDE DE LICENZA PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA EXPLOTACIÓN DE TERRAZA OU PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA ESTRUTURA PARA EXPLOTACIÓN DE TERRAZA

D/D^a. _____ con DNI n.º _____,

con domicilio en _____ n.º _____, do concello de _____, en calidade de titular do establecemento denominado _____, sito na rúa _____

EXPÓN:

Que pretende instalar fronte o establecemento citado

- unha terraza
- unha estrutura para explotación de terraza

durante o seguinte periodo de tempo:

- todo o ano
- na tempada de abril a setembro

para o cal presento a seguinte documentación:

- DNI
- licenza municipal de apertura do establecemento
- memoria descritiva da ocupación
- fotografía da fachada do establecemento
- plano de emprazamento da ocupación
- plano de distribución da ocupación
- documento acreditativo de estar ó corrente da póliza de responsabilidade civil
- xustificante de liquidación das taxas
- acreditación documental da conformidade dos titulares de dereitos das fincas ou locais propios ou lindeiros (anexo II)

en virtude do exposto **SOLICITO** licenza municipal para a ocupación solicitada.

Asdo.:: _____

ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DA GUARDA



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

ANEXO II

CONFORMIDADE DOS TITULARES DE DEREITOS NO INMOBLE DA UBICACIÓN DA TERRAZA OU DOS INMOBLES LINDEIROS PARA A OCUPACIÓN SOLICITADA.

D/D^a. _____ con DNI n.º _____,

con domicilio en _____ n.º _____, do concello de _____, en calidade de propietario do seguinte ben inmueble:

Presto a miña conformidade a que o local denominado _____ ocupe a vía pública na fachada diante da miña propiedade sempre que me quede garantido o dereito de paso permanente.

En _____, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

ANEXO III

SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DA OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA EXPLOTACIÓN DE TERRAZA OU PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA ESTRUTURA PARA EXPLOTACIÓN DE TERRAZA

D/D^a. _____ con DNI n.º _____,

con domicilio en _____ n.º _____, do concello de _____, en calidade de titular do establecemento denominado _____, sito na rúa _____

EXPÓN:

Que teño concedida licenza municipal para a ocupación de dominio público para a explotación da terraza do establecemento _____ por un periodo

- anual
- tempada

Que teño vontade de volver ocupar o mesmo espazo de dominio público o vindeiro ano no mesmo periodo, polo que SOLICITO a renovación da licenza concedida a este efectos, e para elo presento:

- Declaración xurada de que non se modificaron as circunstancias que motivaron o outorgamento da autorización anteriormente
- xustificación do pagamento das taxas
- xustificación de que se atopa en vigor a póliza de responsabilidade civil con cobertura para o prazo solicitado.

En _____, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____



Martes, 11 de outubro de 2022

Núm. 195

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA DE QUE NON SE MODIFICARON AS CIRCUNSTANCIAS QUE MOTIVARON O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ANTERIORMENTE

D/D^a. _____ con DNI n.º _____,

con domicilio en _____ n.º _____, do concello de _____, en calidade de titular do establecemento denominado _____, sito na rúa _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE NON SE MODIFICARON AS CIRCUNSTANCIAS QUE MOTIVARON O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN CONCEDIDA BAIXO O EXPTE. _____.

En _____, a ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____ “

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:K7DGGT3UCEF8VJ1B

